

# **Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo**

(Aprobado no Consello de Goberno do 5 de outubro de 2005)

Título preliminar

Título I. Da Xunta de Facultade

Capítulo I. Da composición da Xunta de Facultade

Capítulo II. Das funcións da Xunta de Facultade

Capítulo III. Do funcionamento da Xunta de Facultade

Título II. Das xuntas de titulación

Título III. Do equipo de goberno da facultade

Capítulo I. Dos membros do equipo de goberno

Capítulo II. Do decano/a

Capítulo III. Dos vicedecanos/as

Capítulo IV. Do secretario/a

Capítulo V. Da elección do decano/a

Capítulo VI. Da moción de censura

Título IV. Das comisións delegadas da Xunta de Facultade

Capítulo I. Das comisións delegadas

Capítulo II. Da Comisión Permanente

Capítulo III. Da Comisión de Docencia

Capítulo IV. Da Comisión de Validacións

Capítulo V. Da Comisión de Biblioteca e Extensión Universitaria

Título V. Da reforma do regulamento

Disposición final

## **Título preliminar**

### **Artigo 1**

1. A facultade é o centro encargado da xestión administrativa e da organización universitaria conducente á obtención dos títulos académicos que se lle encomendan, así como da difusión da cultura da comunidade na que se integra.

2. Son funcións da facultade, conforme ao artigo 13 dos Estatutos da Universidade de Vigo:

a) A elaboración de propostas dos seus plans de estudo e a formulación aos departamentos de suxestións en materia da súa aplicación e desenvolvemento.

- b) A organización da docencia e a súa coordinación, supervisión e control, así como a realización dos encargos de docencia aos departamentos, de conformidade cos plans de estudo e aquelas ensinanzas que dean dereito a títulos propios.
- c) A organización das relacións entre departamentos e con outros centros, co fin de garantir a coordinación das ensinanzas e a racionalización da xestión académica e administrativa.
- d) A aplicación das directrices da Universidade de Vigo sobre a normalización lingüística.
- e) O fomento, apoio e achega de medios materiais existentes no centro para realizar actividades de formación e complementarias do persoal vinculado a el.
- f) A realización das actividades de colaboración da Universidade de Vigo con organismos públicos ou privados en todo o que afecte ao centro.
- g) A custodia das actas de cualificación e os expedientes dos estudantes.
- h) A expedición das certificacións académicas solicitadas polos estudantes ao centro.
- i) A administración dos servizos e mais os equipamentos asignados ao centro.
- l) A realización da xestión administrativa necesaria para que as anteriores funcións poidan levarse a cabo.
- m) A participación nos procesos de avaliación da calidade e promoción activa da mellora da calidade da súa oferta académica.
- n) A proposición ao órgano competente da implantación de novas titulacións.
- ñ) Calquera outra que lle poidan atribuír os Estatutos da Universidade de Vigo e demais disposicións vixentes.

## **Artigo 2**

Son membros da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo:

- a) Todo o profesorado, calquera que sexa a súa categoría profesional, que ten docencia no centro.
- b) Todos os bolseiros/as de investigación que desenvolven a súa actividade no centro.
- c) Todo o alumnado matriculado no centro.
- d) O persoal de administración e servizos asignado ao centro.
- e) Calquera outro que figure como tal nos estatutos vixentes da Universidade de Vigo.

## **Artigo 3**

1. A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo rexerese polo presente regulamento para o cumprimento das funcións que ten atribuídas.

2. Este regulamento deberá ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e das normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario.

3. Para todas aquelas cuestións non previstas neste regulamento, nin nos Estatutos da Universidade de Vigo, nin na lexislación sobre ensino universitario, será de aplicación o disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## **Título I. Da Xunta de Facultade**

### **Capítulo I. Da composición da Xunta de Facultade**

#### **Artigo 4**

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de representación, decisión e control do centro. Está composta polo decano/a, que a preside, e polos seguintes membros:

- a) O equipo decanal.
- b) Todo o profesorado funcionario, que constituirá o 51% da Xunta de Facultade. Esta representación será a que, como tal, integre cada unha das xuntas de titulación.
- c) Unha representación do persoal docente e investigador non funcionario, que corresponderá ao 9% da Xunta de Facultade. Polo menos o 80% corresponderá ao persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo. Esta representación será a que, como tal, integre cada unha das xuntas de titulación.
- d) Unha representación dos estudantes, que constituirá o 30 % da Xunta de Facultade. Esta representación será a que, como tal, integre cada unha das xuntas de titulación.
- e) Unha representación do persoal de administración e servizos que constituirá o 10% da Xunta de Facultade. Esta representación será a que, como tal, integre cada unha das xuntas de titulación.

#### **Artigo 5**

Os membros electos da Xunta de Facultade serán renovados cada dous anos.

### **Capítulo II. Das funcións da Xunta de Facultade**

#### **Artigo 6**

1. Son funcións da Xunta de Facultade, conforme ao artigo 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo, as seguintes:

- a) Proposición e aplicación das normas de selección de estudantes e valoración do seu rendemento e aproveitamento.
- b) Preparación e coordinación, de modo eficaz e adecuado, do horario das distintas materias, cursos monográficos, probas parciais e finais, distribución de aulas e servizos e ensinanzas complementarias, así como habilitación de medidas de control do cumprimento das obrigas docentes.
- c) Coordinación con outros centros para facilitar a elección por parte dos estudantes das materias de libre configuración do seu currículo.
- d) Aprobación anual dos programas de cada materia presentados polos departamentos respectivos.
- e) Elaboración, aprobación e modificación da proposta do seu regulamento de réxime interno.
- f) Elección e revogación do decano/a.
- g) Aprobación da distribución da asignación orzamentaria do centro.
- h) Coidado do bo funcionamento de todos os órganos e servizos do centro.
- i) Resolución dos conflitos que se poidan producir no seo do centro.
- l) Distribución dos espazos que lle sexan asignados.
- m) Calquera outra que lle sexa atribuída nos Estatutos da Universidade de Vigo.

2. O pleno da Xunta de Facultade poderá delegar as súas competencias na Comisión Permanente, agás as que se mencionan nas letras a), b), c), d) e e) deste artigo. O acordo de delegación requirirá o voto favorable da maioría absoluta dos membros da xunta.

3. A delegación entenderase constituído por tempo indefinido, agás que no acordo de delegación se dispoña outra cousa ou a temporalidade da mesma se derive da propia natureza da delegación.

4. O pleno poderá revogar en calquera momento a delegación, recuperando o exercicio das competencias delegadas sen máis requisitos que os requiridos para outorgala.

### **Capítulo III. Do funcionamento da Xunta de Facultade**

#### **Artigo 7**

A Xunta de Facultade actuará en pleno ou en comisión permanente, sen prexuízo de que se poidan crear outras comisións delegadas consultivas.

#### **Artigo 8**

O pleno da Xunta de Facultade estará formado por todos os seus membros e reunirse cando sexa convocado polo secretario/a do centro, que é o da Xunta de Facultade, por orde do decano/a.

#### **Artigo 9**

1. O pleno da Xunta de Facultade poderá reunirse con carácter ordinario ou extraordinario. Con carácter ordinario, reunirse polo menos unha vez ao trimestre. Con carácter extraordinario, reunirse a iniciativa de:

- a) O decano/a.
- b) Por acordo da Comisión Permanente.
- c) Cando o solicite polo menos o 25% dos membros da Xunta de Facultade, mediante escrito dirixido ao decano/a, con expresión do asunto que se vai tratar, e achegando os documentos relacionados coa orde do día, de existiren e dispoñerse deles.

2. O pleno da Xunta de Facultade poderá reunirse con carácter extraordinario e urgente a petición do decano/a ou da Comisión Permanente.

#### **Artigo 10**

1. A convocatoria da Xunta de Facultade correspóndelle ao decano/a.

2. Para que a convocatoria produza efecto, deberase poñer en coñecemento de todos os seus membros mediante notificación onde se fará constar o día, hora, lugar e a orde do día da sesión.

3. A notificación correspondente á convocatoria ordinaria terá que ser entregada con polo menos 48 horas de antelación á reunión da xunta. A convocatoria extraordinaria deberá notificarse á maior brevidade posible, como mínimo con 24 horas de antelación,

e sempre dentro dos dez días lectivos seguintes, se é pedida polos membros do pleno. Estes prazos non serán de aplicación para as convocatorias de carácter extraordinario e urxente.

4. A Xunta de Facultade tense que reunir nas dependencias da facultade en días administrativamente hábiles e en horas lectivas.

### **Artigo 11**

1. A orde do día será establecida polo decano/a, asistido polo equipo decanal.

2. Na orde do día figurarán inescusablemente as mencións de aprobación da acta da sesión anterior, asuntos de trámite e rogos e preguntas, salvo que a xunta se convoque con carácter extraordinario para debater un só asunto, para a elección de decano/a ou para a súa revogación.

3. O decano/a estará obrigado a incluír na orde do día da seguinte reunión do pleno os puntos que se soliciten por acordo na sesión anterior e os que se soliciten por escrito, con sete días de antelación por, polo menos, o 25% do membros do pleno. Nesta solicitude deberá incluírse a relación de asuntos que se van tratar que deberán ser o suficientemente explícitos e concretos para que se coñeza exactamente o seu contido.

### **Artigo 12**

1. A Xunta de Facultade constitúese validamente en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, e en segunda convocatoria, que se celebrará 30 minutos despois, cando asista polo menos unha terceira parte dos seus membros.

2. De non conseguir o quórum sinalado na segunda convocatoria, procederase a unha nova convocatoria do pleno para un día posterior.

### **Artigo 13**

1. As sesións da Xunta de Facultade estarán abertas a todos os membros da facultade, garantindo a debida separación entre os membros do órgano e o público non pertencente á Xunta de Facultade.

2. Previo acordo da maioría simple dos presentes na correspondente reunión da Xunta de Facultade, poderase convidar a asistir á reunión, con voz pero sen voto, a persoas que non sexan membros da mesma, pero que pertenzan á comunidade universitaria.

### **Artigo 14**

1. As reunións da Xunta de Facultade serán presididas polo decano/a ou, na súa ausencia, por un dos vicedecanos/as designado previamente ao efecto, e estará asistido por unha mesa integrada polos vicedecanos/as e o secretario/a.

2. A mesa interpretará o presente regulamento en casos de dúbida ou omisión. Tamén decidirá sobre a posible alteración da organización de debate dos puntos da orde do día.

3. O decano/a dirixirá e ordenará o desenvolvemento dos debates. No seu caso, fixará un tempo de debate para cada tema e, en función das peticións de palabra, determinará a duración de cada intervención.

4. Non se permitirá a introdución na sala onde se celebre a reunión da Xunta de Facultade de ningún aparato de gravación ou reprodución do son ou da imaxe, agás que a mesa así o autorice expresamente en circunstancias excepcionais.

5. Os membros da Xunta de Facultade teñen dereito ao uso da palabra en relación con calquera dos puntos da orde do día. Ninguén poderá ser interrompido cando estea no uso da palabra, pero poderá ser chamado á orde ou a cingirse ao tema polo decano/a. Transcorrido o prazo concedido para a intervención, o decano/a, despois de convidar a concluír por dúas veces ao membro da xunta que estea falando, retiraralle o uso da palabra.

6. No suposto de excesiva duración da reunión da Xunta de Facultade, o decano/a poderá dispoñer a interrupción da mesma, fixando a hora na que se debe reiniciar dentro das 24 horas seguintes.

### **Artigo 15**

1. As decisións da Xunta de Facultade serán en forma de acordos que se poderán adoptar por asentimento ou por votación. A votación será a man alzada ou nominal e secreta. Será necesariamente secreta cando así o solicite calquera dos membros da xunta.

2. Non se admite a delegación do voto en membros da Xunta de Facultade nin en persoas alleas. Tampouco se admite o voto anticipado ou por correo.

3. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do pleno e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

4. Os acordos adoptados polo pleno da Xunta de Facultade son susceptibles de recurso ante a Xunta de Goberno, nos termos fixados na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **Artigo 16**

1. O secretario/a da facultade, que será tamén o da xunta, levantará acta das reunións. No caso de que non poida asistir o secretario/a da facultade, o decano/a designará quen faga as súas veces.

2. En cada acta han de figurar inescusablemente as seguintes mencións:

- a) O día, hora e lugar no que se celebrou a reunión.
- b) O carácter ordinario ou extraordinario da mesma.
- c) Os asistentes nominalmente designados e as ausencias xustificadas.
- d) A orde do día.

e) Os acordos adoptados, especificando se o foron por unanimidade ou por maioría, facéndose constar o número exacto de votos emitidos, o sentido de cada un deles e as abstencións.

3. Na acta téñense que incluír os textos literais dos acordos e un resumo dos debates coas diferentes posicións, así como calquera mención que os membros da xunta, individual ou colectivamente, desexen que figure de maneira expresa.

4. As actas aprobaranse na reunión seguinte da Xunta de Facultade que teña a mesma natureza que a que se reflicte na acta, coas modificacións que propoñan previamente por escrito os membros da xunta, sempre que sexan aprobadas por esta por reflectir máis axeitadamente o desenvolvemento da reunión. Non será precisa a notificación por escrito previa para a corrección de erros puramente materiais.

5. Unha vez aprobadas as minutas das sesións serán autorizadas polo secretario/a da facultade co visto e praxe do decano/a, e transcritas ao libro de actas que se levará ao efecto na facultade. O libro de actas poderase formar pola encadernación das minutas elaboradas por medios informáticos.

## **Título II. Das xuntas de titulación**

### **Artigo 17**

Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo constituiranse dúas xuntas de titulación:

- a) A Xunta de Titulación de Dereito Económico.
- b) A Xunta de Titulación de Relacións Laborais.

### **Artigo 18**

As xuntas de titulación son os órganos encargados de elaborar, aprobar e modificar para a respectiva titulación as propostas do plan de estudos. Ademais, terán encomendadas as competencias en materia de autoavaliación e control de calidade da titulación correspondente.

### **Artigo 19**

As Xuntas de Titulación estarán compostas por:

- a) O decano/a da facultade, que as preside.
- b) O vicedecano/a ou vicedecanos/as pertencentes á titulación.
- c) O secretario/a da facultade, que será o secretario/a das xuntas.
- d) Todo o profesorado funcionario da titulación, que constituirá o 51% da Xunta de Titulación.
- e) Unha representación do persoal docente e investigador non funcionario, que corresponderá ao 9% da Xunta de Titulación. Polo menos o 80% corresponderá ao persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo.
- f) Unha representación dos estudantes, que constituirá o 30 % da Xunta de Titulación.
- g) Unha representación do persoal de administración e servizos que constituirá o 10% da Xunta de Titulación.

## **Artigo 20**

O funcionamento das xuntas de titulación rexerá polas mesmas normas polas que se rexe o funcionamento da Xunta de Facultade.

## **Título III. Do equipo de goberno da facultade**

### **Capítulo I. Dos membros do equipo de goberno**

#### **Artigo 21**

O equipo de goberno da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo estará composto por:

- a) O decano/a.
- b) Os vicedecanos/as.
- c) O secretario/a.

### **Capítulo II. Do decano/a**

#### **Artigo 22**

1. O decano/a ostenta a representación da facultade e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria desta.

2. O decano/a, asistido polo seu equipo de goberno, é o responsable da dirección e xestión da facultade e, conforme ao artigo 66 dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten as seguintes funcións:

- a) Exercicio da representación do centro.
- b) Convocatoria e presidencia da Xunta de Facultade e das xuntas de titulación, se é o caso.
- c) Execución dos acordos da Xunta de Facultade.
- d) Supervisión do funcionamento dos servizos do centro.
- e) Dirección da xestión ordinaria do centro.
- f) Proposición, oída a xunta de centro, de apertura de informe previo por parte do reitor/a, a calquera membro do centro.
- g) Coidado do cumprimento dos horarios docentes e de titorías.
- h) Todas aquelas que lle atribúan a lexislación vixente e os Estatutos da Universidade de Vigo.

#### **Artigo 23**

1. O decano/a será elixido pola Xunta de Facultade e nomeado polo reitor/a, entre o profesorado doutor pertencente aos corpos docentes universitarios adscritos á facultade.

2. O decano/a cesará nas súas funcións ao remate do seu mandato, a pedimento propio ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada pola Xunta de Facultade.



### **Capítulo III. Dos vicedecanos/as**

#### **Artigo 24**

1. O decano/a designará, de entre todos os membros da facultade, aos vicedecanos/as, que serán nomeados polo reitor/a.
2. Os vicedecanos/as actuarán coas competencias e funcións que lles asigne o decano/a.
3. O decano/a designará o orde de substitución no caso de que existan varios vicedecanos/as.
4. Os vicedecanos/as cesarán no seu cargo a petición propia ou por decisión do reitor/a a proposta do decano/a.

### **Capítulo IV. Do secretario/a**

#### **Artigo 25**

1. O decano/a designará un secretario/a de entre o persoal da facultade, que será nomeado polo reitor/a.
2. O secretario/a é quen dá fe dos acordos adoptados polos órganos de goberno da facultade, e como tal ten encomendada a custodia dos libros de actas dos mesmos.
3. Os libros de actas poderán ser consultados por calquera membro da facultade e o secretario/a dará certificación literal do contido dos mesmos a calquera membro da facultade que o solicite por escrito.
4. O secretario/a cesará no seu cargo a petición propia ou por decisión do reitor/a a proposta do decano/a.

### **Capítulo V. Da elección do decano/a**

#### **Artigo 26**

1. Unha vez rematado o prazo da campaña electoral, o decano/a en funcións convocará unha reunión extraordinaria da Xunta de Facultade na data sinalada na convocatoria de eleccións, tendo como único punto da orde do día a elección do decano/a.
2. Esta sesión extraordinaria da Xunta de Facultade estará presidida polo decano/a en funcións. No caso de que o decano/a en funcións sexa candidato/a, a Xunta de Facultade estará presidida polo profesor/a máis antigo segundo prelación de corpos.
3. O presidente/a outorgará un tempo máximo de quince minutos a cada un dos candidatos/as para que expoñan o seu programa e de seguido, noutros trinta minutos, responderán ás preguntas que lles formulen os membros do pleno.
4. Rematadas as intervencións dos candidatos/as procederase á votación que será nominal e secreta.

## **Artigo 27**

1. Concluída a votación, procederase ao escrutinio no mesmo acto, e será proclamado decano/a electo aquel dos candidatos/as que obteña a maioría absoluta dos votos dos asistentes.
2. Se ningún dos candidatos/as obtén a maioría absoluta, farase no mesmo acto unha segunda e definitiva votación na que se proclamará decano/a electo aquel dos candidatos/as que obteña maior número de votos favorables. No suposto de que nesta segunda votación resultasen empatados dous candidatos/as, será elixido o máis antigo segundo prelación de corpos.
3. Se houberse un único candidato/a, para ser elixido decano/a terá que acadar maior número de votos a favor que en contra.

## **Artigo 28**

1. Rematada a votación e o escrutinio, o secretario/a levantará a corresponde acta, na que se recollerán todas as incidencias e o resultado do escrutinio.
2. O resultado da votación será elevado ao reitor/a polo presidente/a da sesión para que se dite a correspondente resolución de nomeamento do decano/a.

## **Capítulo VI. Da moción de censura**

### **Artigo 29**

1. O decano/a pode ser revogado por medio de moción de censura.
2. A moción de censura deberá ser presentada por escrito na Secretaría da Facultade e, para poder ser tramitada, deberá ir asinada, polo menos por un terzo dos membros da Xunta de Facultade. Ademais, deberá conter o nome dun candidato/a alternativo ao decano/a xunto co seu equipo de goberno.
3. O decano/a estará obrigado a convocar unha reunión extraordinaria da Xunta de Facultade dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción da moción na Secretaría da Facultade, tendo como único punto da orde do día o debate e votación da moción de censura.

### **Artigo 30**

Na reunión da Xunta de Facultade dedicada á moción de censura darase a palabra durante un máximo de trinta minutos ao candidato/a alternativo, que poderá responder ás preguntas e observacións que se lle formulen. Deseguido procederase de igual forma co decano/a e, tras a súa intervención e a correspondente discusión, procederase á votación, que será nominal e secreta.

### **Artigo 31**

1. A moción de censura será aprobada se obtén os votos da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade. Neste caso o decano/a comunicará este resultado ao reitor/a ao seguinte día hábil para que se proceda ao nomeamento do novo decano/a.

2. O decano/a censurado seguirá en funcións ata a toma de posesión do novo decano/a.

### **Artigo 32**

Se a moción de censura é rexeitada por non obter a maioría absoluta, ningún dos seus asinantes poderá presentar outra durante o resto do mandato do decano/a.

## **Título IV. Das comisións delegadas da Xunta de Facultade**

### **Capítulo I. Das comisións delegadas**

#### **Artigo 33**

As comisións delegadas da Xunta de Facultade serán:

- a) A Comisión Permanente da Xunta de Facultade.
- b) A Comisión de Docencia e Alumnado.
- c) A Comisión de Validacións.
- d) A Comisión de Biblioteca e Cultura.

#### **Artigo 34**

1. A Xunta de Facultade poderá crear outras comisións co obxecto de tratar temas específicos. A súa finalidade, composición e normas de funcionamento determinaranse no momento da súa creación.

2. A composición das comisións delegadas respectará as mesmas porcentaxes de representación dos distintos sectores da comunidade universitaria que rexan para a Xunta de Facultade. Se polo número total de membros dunha comisión algún sector non puidese obter representación, terá dereito a un representante con voz e sen voto. Os membros natos das comisións delegadas computarán dentro do sector ao que pertencen.

3. Só poden ser membros das comisións delegadas os membros da Xunta de Facultade. Os membros das comisións delegadas serán elixidos polos seus respectivos sectores na Xunta de Facultade.

4. A renovación dos membros electivos das comisións delegadas terá lugar na primeira sesión ordinaria da Xunta da Facultade que se celebre tras a proclamación definitiva dos resultados da elección dos representantes na Xunta da Facultade do sector da comunidade universitaria ao que pertencen. Os membros electivos das comisións delegadas que sexan membros natos da Xunta da Facultade renovaranse na primeira sesión ordinaria da Xunta da Facultade que se celebre tras a sesión extraordinaria convocada para a elección de decano/a. Tamén procederá á renovación dos membros

electivos das comisións delegadas nos casos de finalización anticipada do mandato dalgún deles, pero a renovación só afectará ao posto vacante.

5. O funcionamento das comisións delegadas rexerase polas mesmas normas que a Xunta de Facultade.

## **Capítulo II. Da Comisión Permanente da Xunta de Facultade.**

### **Artigo 35**

O número de membros da Comisión Permanente será decidido por acordo da Xunta da Facultade. Formarán parte dela como membros natos o decano/a, os vicedecanos/as e o secretario/a da facultade, que será secretario/a da comisión, e o número total dos seus integrantes completárase de xeito que se respecten as porcentaxes de representación dos distintos sectores da comunidade universitaria que rexan para a Xunta da Facultade.

### **Artigo 36**

A Comisión Permanente será competente para coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite. Servirá como órgano de asesoramento ao decano/a. Exercerá, así mesmo, cantas competencias lle delegue expresamente a Xunta da Facultade ou lle atribúan este regulamento e normas de rango superior.

### **Artigo 37**

1. A Comisión Permanente rexerase polas mesmas normas de funcionamento que o pleno da Xunta de Facultade.

2. Das reunións da Comisión Permanente levantarase acta, polo secretario/a da facultade, nos mesmos termos previstos neste regulamento para as actas do pleno da Xunta de Facultade.

### **Artigo 38**

O decano/a informará ao pleno, na primeira sesión que este celebre con posterioridade á última celebrada pola Comisión Permanente, de todas as actuacións da comisión, agás as decisións adoptadas en asuntos de trámite, das que informará o secretario/a.

### **Artigo 39**

A Comisión Permanente reunirase cando sexa convocada nos mesmos termos previstos para a convocatoria do pleno. En todo caso, terá que se reunir en sesión ordinaria polo menos unha vez cada dous meses.

## **Capítulo III. Da Comisión de Docencia e Alumnado.**

### **Artigo 40**

Son competencia da Comisión de Docencia e Alumnado:

- a) Proposición á Comisión Permanente do calendario de exames ordinarios e extraordinarios.
- b) Proposición á Comisión Permanente das resolucións de traslados e convocatorias de graza, aplicando as normas establecidas para iso polo pleno.
- c) Coordinación das actividades docentes tales como:
  - 1- Revisión do Plan de Organización Docente.
  - 2- Proposición dos novos mecanismos para o control do alumnado.
  - 3- Establecemento das canles de comunicación entre o profesorado dun mesmo curso, ciclo ou licenciatura, para a planificación e desenvolvemento dos mesmos.
  - 4- Proposición á Xunta de Facultade de todos aqueles mecanismos e medidas que ela considere conducentes a unha avaliación obxectiva da docencia.
- d) Elaboración do proxecto de regulamento para a realización, defensa e cualificación das teses de licenciatura e do exame de grao.
- e) Actuación como comisión de arbitraje para dirimir as diferenzas académicas entre alumnado e profesorado a petición de calquera deles.
- f) Coidado de que os contidos teóricos e prácticos das diferentes materias impartidas na facultade se axusten ao disposto nos planos de estudo vixentes.
- g) Coidado do cumprimento da Normativa de Permanencia e Avaliación Curricular.
- h) Calquera outra función relacionada coa docencia que sexa competencia da Xunta de Facultade e esta delegue na comisión.

#### **Artigo 41**

Para cada un dos cursos de cada titulación, poderanse constituír comisións de coordinación horizontais co fin de acadar unha correcta coordinación entre as materias impartidas no correspondente curso, de xeito que se poidan evitar baleiros e duplicidades de contidos.

#### **Capítulo IV. Da Comisión de Validacións**

##### **Artigo 42**

É competencia da Comisión de Validacións recibir as solicitudes de validación parcial de estudos e facer os informes pertinentes para a súa aprobación na Xunta de Goberno. As solicitudes de validación resolveranse segundo o que marque a normativa vixente.

#### **Capítulo V. Da Comisión de Biblioteca e Cultura**

##### **Artigo 43**

Son competencias da Comisión de Biblioteca e Cultura:

- a) Adopción de acordos sobre a organización dos fondos bibliográficos situados na facultade.
- b) Coordinación e potenciación de todo tipo de actividades relacionadas coa cultura, o deporte e o ocio destinadas ao aproveitamento do colectivo universitario e da sociedade da que procede.
- c) Coordinación e potenciación das actividades de promoción da facultade.
- d) Xestión do gasto do orzamento asignado a estas actividades ou aquelas outras partidas que se obteñan para fins congruentes coas competencias desta comisión.

## **Título V. Da Delegación de Alumnado**

### **Artigo 44**

1. A Xunta de Facultade facilitaralles, na medida das súas posibilidades, aos estudantes as instalacións, os medios materiais e económicos necesarios para o desenvolvemento das actividades extraordinarias, que poidan contribuír a mellorar a súa formación.
2. A tal fin, a Xunta de Facultade, na medida das súas posibilidades, porá a disposición da Delegación de Alumnado os medios necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.
3. A Delegación de Alumnado terá autonomía para :
  - a) Elaborar o seu orzamento e xestionar os seus recursos de acordo coa partida orzamentaria correspondente.
  - b) Elaborar as súas normas de organización interna.
  - c) Elixir os seus representantes perante calquera autoridade, institución ou organización, coordinándose coas comisións competentes da Xunta de Facultade.
  - c) Crear todas as seccións de actividades que consideren precisas para lograr os seus fins.
  - d) Solicitar e recibir outros fondos de financiamento doutras instancias da universidade e tamén de institucións externas á mesma, tanto privadas como públicas.
4. O estado inicial e final do presuposto da Delegación de Alumnado e a súa evolución temporal estará a disposición da Xunta de Facultade sempre que esta o requira. Ademais deberá presentar a memoria dos gastos do exercicio anterior na Xunta de Facultade.

## **Título VI. Da reforma do regulamento**

### **Artigo 45**

A iniciativa para a reforma do regulamento poderá ser adoptada polo decano/a ou mediante proposta asinada por un mínimo do 30% dos membros da Xunta de Facultade. Tal iniciativa deberá conter o texto articulado que se propoña introducir e a motivación en que se fundamente.

### **Artigo 46**

A proposta será sometida a unha votación para a súa toma en consideración polo Pleno da Xunta de Facultade. Se a proposta recibe os votos favorables do 40% dos membros da Xunta abrirase un prazo de quince días hábiles para a presentación de emendas que serán discutidas e votadas nunha comisión específica designada pola Xunta de Facultade e coa mesma representación que teñen os distintos sectores no Pleno da Xunta.

### **Artigo 47**

1. Unha vez aprobado o texto pola correspondente comisión, será elevado ao pleno da Xunta de Facultade. Para que a reforma proposta sexa aprobada deberá recibir o voto favorable da maioría absoluta do pleno da Xunta de Facultade. De non ser así, a

proposta de reforma considerárase refugada, e non se poderá propor unha reforma idéntica ata transcorrido un prazo de dous anos.

2. Se a proposta de reforma é aprobada, elevarase á Xunta de Goberno da universidade quen decidirá sobre a reforma do regulamento de modo definitivo.

### **Disposición final**

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.